

tados desde as últimas noticias recibidas ou, por falta destas, desde a data de saída da nave do porto inicial da viaxe.

3.º Dos que se encontren a bordo dunha aeronave sinistrada, se transcorreron tres meses desde a comprobación do sinistro sen que se tivesen noticias daqueles ou, en caso de que se encontrasen restos humanos, non puidesen ser identificados.

Presúmese o sinistro se en viaxe sobre mares, zonas desérticas ou inhabitadas transcorreron seis meses contados desde as últimas noticias das persoas ou da aeronave e, no seu defecto, desde a data de inicio da viaxe. Se esta se fixese por etapas, o prazo indicado computarase desde o punto de despegue do que se recibiron as últimas noticias.»

#### Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**543** *LEI ORGÁNICA 3/2000, do 11 de xaneiro, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de loita contra a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións comerciais internacionais.* («BOE» 10, do 12-1-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ratificación por España do Convenio da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) de loita contra a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións comerciais internacionais, asinado o 17 de decembro de 1997, comporta a necesidade de tipificar penalmente as conductas recollidas no convenio.

Preténdese así complementa-la normativa penal, incluíndo os presupostos deste convenio que non podían ser previstos polo lexislador de 1995, ante o fenómeno da corrupción nas, cada día máis frecuentes e intensas, transaccións comerciais internacionais.

Para iso considerouse adecuado establecer un novo título no Código penal, numerado como XIX bis, que protexe o ben xurídico da loita contra a corrupción nas transaccións comerciais internacionais.

**Artigo único.** *Modificación do Código penal.*

Engádese un título XIX bis ó libro II do Código penal, cun artigo 445 bis, nos seguintes termos:

#### «TÍTULO XIX bis

#### Dos delitos de corrupción nas transaccións comerciais internacionais

Artigo 445 bis.

Os que, con dádivas, presentes, ofrecementos ou promesas corromperen ou intentaren corromper, por si ou por persoa interposta, as autoridades ou funcionarios públicos estranxeiros ou de organizacións internacionais no exercicio do seu cargo en beneficio destes ou dun terceiro, ou atenderen as súas solicitudes ó respecto, co fin de que actúen ou se absteñan de actuar en relación co exercicio de funcións públicas para conseguir ou conservar un contrato ou outro beneficio irregular na realización de actividades económicas internacionais, serán castigados coas penas previstas no artigo 423, nos seus respectivos casos.»

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 11 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**544** *LEI ORGÁNICA 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.* («BOE» 10, do 12-1-2000, e «BOE» 20, do 24-1-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### TÍTULO PRELIMINAR

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Delimitación do ámbito.*

1. Considérase estranxeiro, para os efectos da aplicación desta lei, a quen careza da nacionalidade española.

2. Os nacionais dos estados membros da Unión Europea e aqueles ós que lles sexa de aplicación o réxime comunitario rexeranse pola lexislación da Unión Europea, e esta lei seralles de aplicación naqueles aspectos que puidesen ser máis favorables.

Artigo 2. *Exclusión do ámbito da lei.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os axentes diplomáticos e os funcionarios consulares acreditados en España, así como os demais membros das misións diplomáticas permanentes ou especiais e das oficinas consulares e os seus familiares que, en virtude das normas do dereito internacional, estean exentos das obrigas relativas á súa inscrición como estranxeiros e á obtención do permiso de residencia.

b) Os representantes e delegados, así como os demais membros e os seus familiares, das misións permanentes ou das delegacións ante os organismos intergubernamentais con sede en España ou en conferencias internacionais que se celebren en España.

c) Os funcionarios destinados en organizacións internacionais ou intergubernamentais con sede en España, así como os seus familiares, ós que os tratados nos que sexa parte España eximan das obrigas mencionadas no parágrafo a) deste artigo.

## TÍTULO I

### Dereitos e liberdades dos estranxeiros

#### CAPÍTULO I

##### Dereitos e liberdades dos estranxeiros

Artigo 3. *Igualdade cos españois e interpretación das normas.*

1. Os estranxeiros gozarán en España, en igualdade de condicións que os españois, dos dereitos e liberdades recoñecidos no título I da Constitución e nas súas leis de desenvolvemento, nos termos establecidos nesta lei orgánica.

2. As normas relativas ós dereitos fundamentais dos estranxeiros interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e cos tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias vixentes en España, sen que poida alegarse a profesión de crenzas relixiosas ou conviccións ideolóxicas ou culturais de signo diverso para xustificar a realización de actos ou condutas contrarios a elas.

Artigo 4. *Dereito á documentación.*

1. Os estranxeiros que se encontren en territorio español teñen o dereito e a obriga de conservaren a documentación que acredite a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, así como a que acredite a súa situación en España.

2. Non poderán ser privados da súa documentación, agás nos supostos e cos requisitos previstos nesta lei orgánica e na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá.

Artigo 5. *Dereito á liberdade de circulación.*

1. Os estranxeiros que se achen en España de acordo co establecido no título II desta lei, terán dereito a circular libremente polo territorio español e a elixiren a súa residencia sen máis limitacións que as establecidas con carácter xeral polos tratados e as leis, ou as acordadas pola autoridade xudicial, con carácter cautelar ou nun proceso penal ou de extradición nos que o estranxeiro teña a condición de imputado, vítima ou testemuña, ou como consecuencia de sentenza firme.

2. Non obstante, poderán establecerse medidas limitativas específicas cando se acorden na declaración de estado de excepción ou de sitio nos termos previstos na Constitución, e excepcionalmente de forma individualizada polo ministro do Interior por razóns de seguridade pública.

Artigo 6. *Participación pública.*

1. Os estranxeiros residentes poderán ser titulares do dereito político de sufraxio nas eleccións municipais nos termos que establezan as leis e os tratados.

2. Os estranxeiros residentes, empadroados nun municipio, que non poidan participar nas eleccións locais, poderán elixir de forma democrática entre eles os seus propios representantes, coa finalidade de toman parte nos debates e decisións municipais que lles concirnen, conforme se determina na lexislación de réxime local.

3. Os concellos confeccionarán e manterán actualizado o padrón de estranxeiros que residan no municipio.

4. Os poderes públicos favorecerán o exercicio do dereito de sufraxio dos estranxeiros nos procesos electorais do país de orixe. Para tal efecto adoptaranse as medidas necesarias.

Artigo 7. *Liberdades de reunión e manifestación.*

1. Os estranxeiros que se encontren en España poderán exercitar, sen necesidade de autorización administrativa previa e de conformidade co disposto nas normas que o regulan, o dereito de reunión recollido no artigo 21 da Constitución.

2. Os promotores de reunións ou manifestacións en lugares de tránsito público darán comunicación previa á autoridade competente coa antelación prevista na lei orgánica reguladora do dereito de reunión, e aquela non a poderá prohibir ou propo-la súa modificación máis ca polas causas previstas na devandita lei.

Artigo 8. *Liberdade de asociación.*

Tódolos estranxeiros que se atopen en España poderán exercer o dereito de asociación conforme as leis que o regulen para os españois. Só poderán ser promotores os residentes.

Artigo 9. *Dereito á educación.*

1. Tódolos estranxeiros menores de dezoito anos teñen dereito á educación nas mesmas condicións que os españois, dereito que comprende o acceso a un ensino básico, gratuito e obrigatorio, á obtención da titulación académica correspondente e ó acceso ó sistema público de bolsas e axudas.

2. Os estranxeiros terán dereito á educación de natureza non obrigatoria nas mesmas condicións que os españois. En concreto, terán dereito a acceder ós niveis de educación infantil e superiores ó ensino básico e á obtención das titulacións que correspondan a cada caso, e ó acceso ó sistema público de bolsas e axudas.

3. Os estranxeiros residentes poderán acceder ó desempeño de actividades de carácter docente ou de investigación científica de acordo co establecido nas disposicións vixentes. Así mesmo poderán crear e dirixir centros de acordo co establecido nas disposicións vixentes.

Artigo 10. *Dereito ó traballo e á seguridade social.*

1. Os estranxeiros terán dereito a exercer unha actividade remunerada por conta propia ou allea, así como ó acceso ó sistema da Seguridade Social, nos termos previstos nesta lei orgánica e nas disposicións que a desenvolvan.

2. Os estranxeiros poderán acceder como persoal laboral ó servizo das administracións públicas, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Para tal efecto, poderanse presentar ás ofertas públicas de emprego que convoquen as administracións públicas.

**Artigo 11. *Liberdade de sindicación e de folga.***

1. Os traballadores estranxeiros que se achen en España terán o dereito a se sindicaren libremente, ou a se afiliaren a unha organización profesional nas mesmas condicións que os traballadores españois, de acordo coas leis que o regulen.

2. De igual xeito, recoñéceselles ós traballadores estranxeiros o dereito á folga.

**Artigo 12. *Dereito á asistencia sanitaria.***

1. Os estranxeiros que se encontren en España inscritos no padrón do municipio no que residan habitualmente, teñen dereito á asistencia sanitaria nas mesmas condicións que os españois.

2. Os estranxeiros que se encontren en España teñen dereito á asistencia sanitaria pública de urxencia ante a contracción de enfermidades graves ou accidentes, calquera que sexa a súa causa, e á continuidade da dita atención ata a situación de alta médica.

3. Os estranxeiros menores de dezaioito anos que se atopen en España teñen dereito á asistencia sanitaria nas mesmas condicións que os españois.

4. As estranxeiras embarazadas que se encontren en España teñen dereito á asistencia sanitaria durante o embarazo, o parto e o posparto.

**Artigo 13. *Dereito a axudas en materia de vivenda.***

Os estranxeiros residentes e os que se encontren en España inscritos no padrón do municipio no que residan habitualmente, teñen dereito a acceder ó sistema público de axudas en materia de vivenda nas mesmas condicións que os españois.

**Artigo 14. *Dereito á seguridade social e ós servizos sociais.***

1. Os estranxeiros residentes terán dereito a acceder ás prestacións e servizos da Seguridade Social nas mesmas condicións que os españois.

2. Os estranxeiros residentes terán dereito ós servizos e ás prestacións sociais, tanto ós xerais e básicos como ós específicos, nas mesmas condicións que os españois.

3. Os estranxeiros, calquera que sexa a súa situación administrativa, teñen dereito ós servizos e prestacións sociais básicas.

**Artigo 15. *Suxeición dos estranxeiros ós mesmos impostos que os españois.***

1. Sen prexuízo do disposto nos acordos aplicables sobre dobre imposición internacional, os estranxeiros estarán suxeitos, respecto dos ingresos obtidos en España e das actividades desenvolvidas neste país, ós mesmos impostos que os españois.

2. Os estranxeiros terán dereito a transferirlos seus ingresos e aforros obtidos en España ó seu país, ou a calquera outro, conforme os procedementos establecidos na lexislación española e de conformidade cos acordos internacionais aplicables. O Goberno adoptará as medidas necesarias para facilitar tales transferencias.

**CAPÍTULO II****Reagrupamento familiar****Artigo 16. *Dereito á intimidade familiar.***

1. Os estranxeiros residentes teñen dereito á vida en familia e á intimidade familiar na forma prevista nesta

lei orgánica e de acordo co disposto nos tratados internacionais subscritos por España.

2. Os familiares dos estranxeiros que residan en España ós que se refire o artigo seguinte teñen dereito á situación de residencia en España para se reagruparen co residente.

3. O cónxuxe que adquirise a residencia en España por causa familiar e os seus familiares agrupados con el, conservarán a residencia aínda que se rompa o vínculo matrimonial que deu lugar á adquisición.

**Artigo 17. *Familiares reagrupables.***

O estranxeiro residente ten dereito a que se lles conceda permiso de residencia en España para se reagruparen con el ós seguintes parentes:

a) O cónxuxe do residente, sempre que non se encuentre separado de feito ou de dereito ou que o matrimonio se celebre en fraude de lei. En ningún caso poderá reagruparse máis dun cónxuxe, aínda que a lei persoal do estranxeiro admita esta modalidade matrimonial. O estranxeiro residente que se encuentre separado do seu cónxuxe e casado en segundas ou posteriores nupcias só poderá reagrupar con el ó novo cónxuxe e os seus familiares se acredita que a separación dos seus anteriores matrimonios tivo lugar tras un procedemento xurídico que fixe a situación do cónxuxe anterior e os seus familiares en canto á vivenda común, a pensión ó cónxuxe e os alimentos para os menores dependentes.

b) Os fillos do residente e do cónxuxe, incluídos os adoptados, sempre que sexan menores de dezaioito anos ou estean incapacitados, de conformidade coa lei española ou a súa lei persoal e non se encontren casados. Cando se trate de fillos dun só dos cónxuxes, requirirase ademais que este exerza en solitario a patria potestade ou que se lle outorgase a custodia e estean efectivamente ó seu cargo. No suposto de fillos adoptivos deberá acreditarse que a resolución pola que se acordou a adopción reúne os elementos necesarios para producir efecto en España.

c) Os menores de dezaioito anos ou incapaces cando o residente estranxeiro sexa o seu representante legal.

d) Os ascendentes do residente estranxeiro cando dependan economicamente deste e existan razóns que xustifiquen a necesidade de autoriza-la súa residencia en España.

e) Calquera outro familiar respecto do que se xustifique a necesidade de autoriza-la súa residencia en España por razóns humanitarias.

f) Os familiares estranxeiros dos españois, ós que non lles sexa de aplicación a normativa sobre entrada e permanencia en España de nacionais de estados membros da Unión Europea.

**CAPÍTULO III****Garantías xurídicas****Artigo 18. *Dereito á tutela xudicial efectiva.***

1. Os estranxeiros teñen dereito á tutela xudicial efectiva.

2. Os procedementos administrativos que se establezan en materia de estranxeiría respectarán en todo caso as garantías previstas na lexislación xeral sobre procedemento administrativo, especialmente no relativo a publicidade das normas, contradicción, audiencia do interesado e motivación das resolucións.

3. Nos devanditos procedementos estarán lexitimadas para intervir como interesadas as organizacións

representativas constituídas legalmente en España para a defensa dos inmigrantes.

**Artigo 19. Dereito ó recurso contra os actos administrativos.**

1. Contra os actos e resolucións administrativas adoptados en relación cos estranxeiros poderase interpor recurso conforme o disposto nas leis.

2. O réxime de executividade dos actos administrativos dictados en materia de estranxeiría será o previsto con carácter xeral pola lei, salvo o disposto sobre o procedemento de expulsión de urxencia que se regulará polo disposto nesta lei orgánica.

**Artigo 20. Dereito á asistencia xurídica gratuíta.**

1. Os estranxeiros teñen dereito a asistencia letrada de oficio nos procedementos administrativos ou xudiciais que poidan levar á denegación da súa entrada ou á súa expulsión ou saída obrigatoria do territorio español e en tódolos procedementos en materia de asilo. Ademais, terán dereito á asistencia de intérprete se non comprenden ou non falan a lingua oficial que se utilice.

2. Os estranxeiros residentes e os que se encontren en España inscritos no padrón do municipio no que residan habitualmente que acrediten insuficiencia de recursos económicos para litigar terán dereito á asistencia xurídica gratuíta en iguais condicións que os españois nos procesos nos que sexan parte, calquera que sexa a xurisdicción na que se sigan.

**CAPÍTULO IV**

**Das medidas antidiscriminatorias**

**Artigo 21. Actos discriminatorios.**

1. Para os efectos desta lei, representa discriminación todo acto que, directa ou indirectamente, comporte unha distinción, exclusión, restricción ou preferencia contra un estranxeiro baseada na raza, a cor, a ascendencia ou a orixe nacional ou étnica, as conviccións e prácticas relixiosas, e que teña como fin ou efecto destruír ou limita-lo recoñecemento ou o exercicio, en condicións de igualdade, dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais no campo político, económico, social ou cultural.

2. En calquera caso, constitúen actos de discriminación:

a) Os efectuados pola autoridade ou funcionario público ou persoal encargados dun servizo público, que no exercicio das súas funcións, por acción ou omisión, realice calquera acto discriminatorio prohibido pola lei contra un cidadán estranxeiro só pola súa condición de tal ou por pertencer a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade.

b) Tódolos que impongan condicións máis gravosas que ós españois, ou que impliquen resistencia a facilitar a un estranxeiro bens ou servizos ofrecidos ó público, soamente pola súa condición de tal ou por pertencer a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade.

c) Tódolos que impongan ilexítimamente condicións máis gravosas que ós españois ou restrinxan ou limiten o acceso ó traballo, á vivenda, á educación, á formación profesional e ós servizos sociais e socioasistenciais, así como a calquera outro dereito recoñecido nesta lei orgánica, ó estranxeiro que se encontre regularmente en España, só pola súa condición de tal ou por pertencer a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade.

d) Tódolos que impidan, a través de accións ou omisións, o exercicio dunha actividade económica empren-

da lexitimamente por un estranxeiro residente legalmente en España, só pola súa condición de tal ou por pertencer a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade.

e) O empresario, cos seus representantes, que leven a cabo calquera acción que produza un efecto prexudicial, discriminando, mesmo indirectamente, os traballadores pola súa condición de estranxeiros, ou a súa pertenza a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade.

Constitúe discriminación indirecta todo tratamento derivado da adopción de criterios que prexudiquen inxustificadamente os traballadores pola súa condición de estranxeiros ou por pertenceren a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade, sempre que se refiran a requisitos non esenciais para o desenvolvemento da actividade laboral.

**Artigo 22. Aplicabilidade do procedemento sumario.**

A tutela xudicial contra calquera práctica discriminatoria que comporte vulneración de dereitos e liberdades fundamentais poderá ser esixida polo procedemento previsto no artigo 53.2 da Constitución nos termos legalmente establecidos.

**TÍTULO II**

**Réxime xurídico das situacións dos estranxeiros**

**CAPÍTULO I**

**Da entrada e saída do territorio español**

**Artigo 23. Requisitos para a entrada en territorio español.**

1. O estranxeiro que pretenda entrar en España deberao facer polos postos habilitados para o efecto, estar provisto do pasaporte ou documento de viaxe que acredite a súa identidade, que se considere válido para tal fin en virtude de convenios internacionais subscritos por España e acreditar medios de vida abondos para o tempo que pretenda permanecer en España.

2. Agás nos casos en que se estableza o contrario nos convenios internacionais subscritos por España será preciso, ademais, un visado. Non será esixible o visado cando o estranxeiro sexa titular dunha autorización de residencia en España ou dun documento análogo que lle permita entrar en territorio español.

3. O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación ós estranxeiros que soliciten acollerse ó dereito de asilo no momento da súa entrada en España, a concesión do cal se rexerá polo disposto na súa normativa específica.

4. Poderase autoriza-la entrada en España dos estranxeiros que non reúnan os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores cando existan razóns excepcionais de índole humanitaria, interese público ou cumprimento de compromisos adquiridos por España. Nestes casos, procederase a facerlle entrega ó estranxeiro da documentación que se estableza regulamentariamente.

**Artigo 24. Prohibición de entrada en España.**

1. Non poderán entrar en España, nin obter un visado para tal fin, os estranxeiros que fosen expulsados, mentres dure a prohibición de entrada, nin tampouco aqueles que teñan prohibida a entrada nalgún país co que España teña asinado convenio en tal sentido.

2. Os estranxeiros que non cumpran os requisitos establecidos para a entrada, seralles denegada mediante

resolución motivada, con información sobre os recursos que poidan interpor contra ela, o prazo para o facer e a autoridade ante a que o deben formalizar, e do seu dereito á asistencia letrada.

#### Artigo 25. *Expedición do visado.*

1. O visado será expedido polas misións diplomáticas e oficinas consulares de España e excepcionalmente, por motivos humanitarios, de colaboración coa Xustiza ou de atención sanitaria, o Ministerio do Interior poderá eximir da obriga de obter-lo visado ós estranxeiros que se encontren en territorio español e cumpran os requisitos para obter un permiso de residencia. Cando a exención se solicite como cónxuxe de residente, deberánse reuni-las circunstancias do artigo 17 e acredita-la convivencia polo menos durante un ano e que o cónxuxe teña autorización para residir cando menos outro ano.

2. A concesión do visado regularase regulamentariamente. Para a súa concesión terase en conta a satisfacción dos intereses nacionais de España, así como os compromisos internacionais asumidos por España. Regulamentariamente estableceranse as causas que poden motiva-la denegación do visado. No procedemento poderase requirir-la comparecencia persoal do solicitante.

3. A denegación deberá ser expresa e motivada e indica-los recursos que procedan. Excepcionalmente e con carácter temporal, o Goberno poderá establecer para os nacionais dun determinado país, ou procedentes dunha zona xeográfica, supostos nos que a denegación non terá de ser motivada. Cando se trate de visados de residencia solicitados por persoas que invocan ser titulares dun dereito subxectivo a residir en España recoñecido polo ordenamento xurídico, a denegación deberá ser, en todo caso, motivada.

4. A tramitación sobre concesión ou denegación de permisos e visados regulados nesta lei terá un prazo máximo de resolución de tres meses contado desde a data de solicitude ou, se é o caso, da data en que se achega a documentación preceptiva.

#### Artigo 26. *Da saída de España.*

1. As saídas do territorio español poderanse realizar libremente, agás nos casos previstos no Código penal e nesta lei.

2. Excepcionalmente, o ministro do Interior poderá prohibi-la saída do territorio español por razóns de seguridade nacional ou de saúde pública. A instrución e resolución dos expedientes de prohibición terá sempre carácter individual.

3. A saída será obrigatoria nos seguintes supostos:

- a) Expulsión do territorio español por orde xudicial, nos casos previstos no Código penal.
- b) Expulsión ou devolución acordadas por resolución administrativa nos casos previstos nesta lei.
- c) Denegación administrativa das solicitudes formuladas polo estranxeiro para continuar permanecendo en territorio español, a non ser que a solicitude se realizase ó amparo do artigo 29.3.

## CAPÍTULO II

### Situacións dos estranxeiros

#### Artigo 27. *Enumeración das situacións.*

Os estranxeiros poderán encontrarse en España nas situacións de estancia, residencia temporal e residencia permanente.

#### Artigo 28. *Situación de estancia.*

1. Estancia é a permanencia en territorio español por un período de tempo non superior a noventa días.

2. Transcorrido o tempo anterior, para permanecer en España será preciso obter ou unha prórroga de estancia ou un permiso de residencia.

3. A prórroga de estancia non poderá ter unha duración superior a outros noventa días.

#### Artigo 29. *Situación de residencia temporal.*

1. A residencia temporal é a situación que autoriza a permanecer en España por un período superior a noventa días e inferior a cinco anos. As autorizacións de duración inferior ós cinco anos poderanse prorrogar por petición do interesado se concorren circunstancias análogas ás que motivaron a súa concesión. A duración das autorizacións de residencia temporal e das súas prórrogas establecerase regulamentariamente.

2. A situación de residencia temporal concederáselle ó estranxeiro que acredite dispor de medios de vida abondos para atender-los gastos de manutención e estancia da súa familia, durante o período de tempo polo que a solicite, sen necesidade de realizar actividade lucrativa, se propoña realizar unha actividade económica por conta propia tendo solicitado para iso as licencias ou permisos correspondentes, teña unha oferta de contrato de traballo a través de procedemento regulamentariamente recoñecido ou sexa beneficiario do dereito ó reagrupamento familiar.

3. Igualmente poderá acceder á situación de residencia temporal o estranxeiro que acredite unha estancia ininterrompida de dous anos en territorio español, figure empadroado nun municipio no momento en que formule a petición e conte con medios económicos para atender-la súa subsistencia.

4. Para autoriza-la residencia temporal dun estranxeiro será preciso que careza de antecedentes penais en España ou nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento español e non figurar como rexeitable no espazo territorial do Tratado de Schengen. Non será obstáculo para obter ou renova-la residencia ter cometido delito en España se cumpriu a condena, foi indultado ou está en situación de remisión condicional da pena.

5. Os estranxeiros con permiso de residencia temporal ficarán obrigados a pór en coñecemento do Ministerio do Interior os cambios de nacionalidade e domicilio.

#### Artigo 30. *Residencia permanente.*

1. A residencia permanente é a situación que autoriza a residir en España indefinidamente e a traballar en igualdade de condicións que os españois.

2. Terán dereito a residencia permanente os que tivesen residencia temporal durante cinco anos. Con carácter regulamentario e excepcionalmente estableceranse os criterios para que non sexa esixible o citado prazo en supostos de especial vinculación con España.

#### Artigo 31. *Residencia de apátridas e refuxiados.*

1. Os estranxeiros que carezan de documentación persoal, e acrediten que o país da súa nacionalidade non llela recoñece, poderán ser documentados cunha tarxeta de identidade, recoñecéndoselles e aplicándoselle-lo estatuto de apátrida, conforme o artigo 27 da Convención sobre o estatuto de apátridas, gozando do réxime específico que se determine regulamentariamente.

2. Os estranxeiros desprazados que sexan acollidos en España por razóns humanitarias ou como consecuencia dun acordo ou compromiso internacional, así como os que teñan recoñecida a condición de refuxiado, obtendrán a correspondente autorización de residencia.

#### Artigo 32. *Residencia de menores.*

1. Considerarase regular para tódolos efectos a residencia dos menores que sexan tutelados por unha Administración pública. Por instancia do organismo que exerza a tutela, outorgaráselles un permiso de residencia, os efectos do cal se retrotraerán ó momento en que o menor foi posto á disposición dos servizos competentes de protección de menores.

2. Nos supostos en que os Corpos e Forzas de Seguridade localicen unha persoa indocumentada, respecto da que non poida ser establecido con exactitude se é maior ou menor de idade, porano en coñecemento dos xulgados de menores para a determinación da identidade, idade e comprobación das circunstancias persoais e familiares. Determinada a idade e demais datos a que se fixo mención, de tratarse dun menor, a Administración competente resolverá o que proceda sobre o retorno ou non ó seu lugar de orixe ou sobre a situación da súa permanencia en España.

### CAPÍTULO III

#### Do permiso de traballo e réximes especiais

#### Artigo 33. *Autorización para a realización de actividades lucrativas.*

1. Os estranxeiros maiores de dezaseis anos que desexen exercer calquera actividade lucrativa laboral ou profesional en España deberán obter unha autorización administrativa para traballar ou o permiso de traballo.

2. Cando o estranxeiro se propoña traballar por conta propia ou allea, exercendo unha profesión para a que se esixa unha titulación especial, a concesión do permiso condicionarase á posesión e, se é o caso, homologación do título correspondente. Tamén se condicionará á colexiación, de o esixiren así as leis.

3. Os empregadores que contraten un traballador estranxeiro deberán solicitar e obter autorización previa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. A carencia da correspondente autorización para contratos por parte do empregador, sen prexuízo das responsabilidades a que der lugar, non invalidará o contrato de traballo respecto dos dereitos do traballador estranxeiro.

#### Artigo 34. *Autorización administrativa para traballar.*

Para a realización de actividades económicas por conta propia, en calidade de comerciante, industrial, agricultor ou artesán, deberá acreditar ter solicitada a autorización administrativa correspondente e cumprir tódolos requisitos que a lexislación vixente lles esixe ós nacionais para a apertura e funcionamento da actividade proxectada.

#### Artigo 35. *O permiso de traballo.*

1. O permiso de traballo é a autorización para realizar en España actividades lucrativas por conta allea.

2. Para a concesión inicial do permiso de traballo, no caso de traballadores por conta allea, terase en conta a situación nacional de emprego.

3. O permiso de traballo terá unha duración inferior a cinco anos e poderá limitarse a un determinado territorio, sector ou actividade.

4. O permiso de traballo poderá renovarse ó expirar se persiste ou se renova o contrato ou oferta de traballo que motivaron a súa concesión inicial ou cando se conte cunha nova nos termos que se establezan regulamentariamente. A partir da primeira concesión, os permisos concederanse sen ningunha limitación de ámbito xeográfico, sector ou actividade.

5. Transcorridos cinco anos desde a concesión do primeiro permiso de traballo e as prórrogas correspondentes, o permiso adquirirá carácter permanente.

#### Artigo 36. *Permisos especiais.*

1. Terán dereito ó permiso de traballo os estranxeiros que obteñan o permiso de residencia polo procedemento previsto no artigo 29.3. Terá a duración dun ano e renovarse mentres sigan as mesmas circunstancias.

2. Así mesmo renovaranse automaticamente sen a concorrencia dos requisitos establecidos no artigo 35.4 os permisos de traballo e as autorizacións administrativas para traballar, en que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a autoridade competente, conforme a normativa da Seguridade Social, outorgase unha prestación contributiva por desemprego, polo tempo de duración desta prestación.

b) Cando o estranxeiro sexa beneficiario dunha prestación económica asistencial de carácter público destinada a logra-la súa inserción ou reinserción social ou laboral, durante o prazo de duración da prestación.

#### Artigo 37. *O continxente de traballadores estranxeiros.*

O Goberno, con audiencia previa do Consello Superior de Política de Inmigración e das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, establecerá anualmente un continxente de man de obra no que se fixará o número e as características das ofertas de emprego que se ofrecen ós traballadores estranxeiros non residentes en España, con indicación dos sectores e actividades profesionais.

#### Artigo 38. *Excepcións ó continxente.*

1. As ofertas de emprego que poidan realiza-los empresarios a traballadores estranxeiros son independentes do continxente global que se estableza.

2. Non será necesario considera-la dispoñibilidade de prazas no continxente cando o contrato de traballo ou a oferta de colocación vaia dirixida a:

a) Cubrir postos de confianza.

b) O cónxuxe ou fillo de estranxeiro residente en España.

c) O titular dunha autorización previa de traballo que pretenda a súa renovación.

d) Os traballadores necesarios para a montaxe ou reparación dunha instalación ou equipos productivos.

e) Os que gozasen da condición de refuxiado durante o ano seguinte á data da perda de tal condición.

#### Artigo 39. *Excepcións ó permiso de traballo.*

1. Non será necesaria a obtención de permiso de traballo para o exercicio das actividades seguintes:

a) Os técnicos e científicos estranxeiros, invitados ou contratados polo Estado.

b) Os profesores estranxeiros invitados ou contratados por unha universidade española.

c) O persoal directivo e o profesorado estranxeiros, de institucións culturais e docentes dependentes doutros

estados, ou privadas, de acreditado prestixio, oficialmente recoñecidas por España, que desenvolvan no noso país programas culturais e docentes dos seus países respectivos, en tanto limiten a súa actividade á execución de tales programas.

d) Os funcionarios civís ou militares das administracións estatais estranxeiras que veñan a España para desenvolveren actividades en virtude de acordos de cooperación coa Administración española.

e) Os correspondentes de medios de comunicación social estranxeiros, debidamente acreditados, para o exercicio da actividade informativa.

f) Os membros de misións científicas internacionais que realicen traballos e investigacións en España, autorizados polo Estado.

g) Os artistas que veñan a España a realizar actuacións concretas que non supoñan unha actividade continuada.

h) Os ministros, relixiosos ou representantes das diferentes igrexas e confesións, debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, mentres limiten a súa actividade a funcións estritamente relixiosas.

i) Os estranxeiros que formen parte dos órganos de representación, goberno e administración dos sindicatos homologados internacionalmente, sempre que limiten a súa actividade a funcións estritamente sindicais.

2. Tampouco será necesario o permiso de traballo cando se trate de:

a) Os españois de orixe que perdesen a nacionalidade española.

b) Os estranxeiros casados con español ou española e que non estean separados de feito ou de dereito.

c) Os estranxeiros que teñan ó seu cargo ascendentes ou descendentes de nacionalidade española.

d) Os estranxeiros nados e residentes en España.

e) Os estranxeiros con autorización de residencia permanente.

#### Artigo 40. *Réxime especial dos estudantes.*

1. Concederáselle a autorización de admisión e residencia en España por razóns de estudo ós estranxeiros que fosen admitidos nun centro docente, público ou privado oficialmente recoñecido.

2. A duración da autorización de residencia será igual á do curso para o que estea matriculado no centro ó que asista o titular.

3. A autorización prorrogarase anualmente se o titular demostra que segue reunindo as condicións requiridas para a expedición da autorización inicial e que cumpre os requisitos esixidos polo centro de ensino ó que asiste.

4. Os estranxeiros admitidos con fins de estudo non estarán autorizados para exercer unha actividade retribuída por conta propia nin allea. Sen embargo, na medida en que isto non limite a prosecución dos estudos, e nos termos que regulamentariamente se determinen, poderán exercer actividades remuneradas a tempo parcial ou de duración determinada.

5. A realización de traballo nunha familia para compensa-la estancia e mantemento nela mentres se melloran os coñecementos lingüísticos ou profesionais regularanse de acordo co disposto nos acordos internacionais sobre colocación «au pair».

#### Artigo 41. *Réxime especial dos traballadores de temporada.*

1. O Goberno regulará regulamentariamente o permiso de traballo para os traballadores estranxeiros en

actividades de temporada ou campaña que lles permita a entrada e saída do territorio nacional de acordo coas características das citadas campañas.

2. As administracións públicas velarán para que os traballadores de temporada sexan aloxados en vivendas con condicións de dignidade e hixiene adecuadas e promoverán a asistencia dos servizos sociais adecuados para organiza-la súa atención social durante a temporada ou campaña para a que se lles conceda o permiso de traballo.

#### Artigo 42. *Traballadores transfronteirizos.*

Os traballadores estranxeiros que, residindo na zona limítrofe, desenvolvan a súa actividade en España e regresen ó seu lugar de residencia diariamente, ou, polo menos, unha vez á semana, deberán obte-la correspondente autorización administrativa, cos requisitos e condicións con que se conceden as autorizacións de réxime xeral.

### CAPÍTULO IV

#### Das taxas por autorizacións administrativas para traballar en España

##### Artigo 43. *Feito imponible.*

A autorización administrativa expedida ós cidadáns estranxeiros para traballar en España, por conta propia ou allea, constitúe o feito imponible dunha taxa.

##### Artigo 44. *Suxeitos pasivos.*

1. Estarán directamente obrigados ó pagamento da taxa os empregadores ós que se lles autorice o emprego inicial ou a renovación da autorización para o emprego dun traballador estranxeiro nos casos de traballo por conta allea, e o propio traballador cando o sexa por conta propia.

2. Será nulo todo pacto polo cal o traballador por conta allea asuma pagar total ou parcialmente a taxa establecida.

##### Artigo 45. *Contía das taxas.*

Reglamentariamente establecerase a contía das taxas tendo en conta a clase de autorización, inicial ou renovación, a súa natureza, conta propia ou allea, así como a súa duración.

As autorizacións de traballo permanente estarán exentas do pagamento da taxa.

### TÍTULO III

#### Das infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador

##### Artigo 46. *A potestade sancionadora.*

O exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións administrativas previstas nesta lei orgánica, axustarase ó disposto nela e nas súas disposicións de desenvolvemento, e na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

##### Artigo 47. *Tipos de infraccións.*

1. Incurrirán en responsabilidade administrativa os que sexan autores ou participen en calquera das infraccións tipificadas nos artigos seguintes.

2. As infraccións administrativas establecidas nesta lei orgánica clasifícanse en leves, graves e moi graves.

**Artigo 48. *Infraccións leves.***

Son infraccións leves:

a) A omisión ou o atraso na comunicación ás autoridades españolas dos cambios de nacionalidade ou de domicilio, así como doutras circunstancias determinantes da súa situación laboral cando lles sexan esixibles pola normativa aplicable.

b) O atraso, ata tres meses, na solicitude de renovación das autorizacións unha vez caducadas.

c) Encontrarse traballando sen ter solicitado permiso de traballo, cando se conte con permiso de residencia temporal, ou cando este se lle denegase.

**Artigo 49. *Infraccións graves.***

Son infraccións graves:

a) Encontrarse irregularmente en territorio español, por non obter ou ter caducada máis de tres meses a prórroga de estancia, a autorización de residencia ou documentos análogos, cando foren esixibles, e sempre que o interesado non solicitase a súa renovación no devandito prazo.

b) Encontrarse traballando en España sen ter solicitado permiso de traballo ou autorización administrativa para traballar, cando non conte con autorización de residencia válida.

c) Incorrer en ocultación dolosa ou falsidade grave no cumprimento da obriga de pór en coñecemento do Ministerio do Interior os cambios que se produzan na súa nacionalidade ou domicilio.

d) A entrada en territorio español carecendo da documentación ou dos requisitos esixibles, por lugares que non sexan os pasos habilitados ou contravindo as prohibicións de entrada legalmente previstos.

e) O incumprimento das medidas impostas por razón de seguridade pública, de presentación periódica ou de residencia obrigatoria, de acordo co disposto nesta lei.

f) A comisión dunha terceira infracción leve, sempre que nun prazo de seis meses anteriores fose sancionado por dúas faltas leves da mesma natureza.

g) A participación polo estranxeiro na realización de actividades ilegais.

**Artigo 50. *Infraccións moi graves.***

Son infraccións moi graves:

a) Participar en actividades contrarias á seguridade exterior do Estado ou realizar calquera tipo de actividades que poidan prexudicarl as relacións de España con outros países.

b) Participar en actividades contrarias á orde pública previstas como moi graves na Lei orgánica sobre protección da seguridade cidadá.

c) Inducir, promover, favorecer ou facilitar, formando parte dunha organización con ánimo de lucro, a inmigración clandestina de persoas en tránsito ou con destino ó territorio español.

d) A realización de condutas de discriminación por motivos raciais, étnicos, nacionais ou relixiosos, nos termos previstos no artigo 21 desta lei.

e) A contratación ou utilización habitual de traballadores estranxeiros sen obter con carácter previo a correspondente autorización para os contratar.

f) A comisión dunha terceira infracción grave sempre que nun prazo de dous anos anteriores fose sancionado por dúas faltas graves da mesma natureza.

**Artigo 51. *Sancións.***

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas nos termos seguintes:

a) As infraccións leves, con multa de ata 50.000 pesetas.

b) As infraccións graves, con multa de 50.001 a un millón de pesetas.

c) As infraccións moi graves, con multa desde un ata dez millóns de pesetas.

2. Corresponderalle ó subdelegado do Goberno ou ó delegado do Goberno nas comunidades uniprovinciais, a imposición das sancións polas infraccións administrativas establecidas nesta lei orgánica.

3. Para determina-la contía da sanción terase especialmente en conta a capacidade económica e o grao de voluntariedade do infractor.

**Artigo 52. *Prescripción das infraccións e das sancións.***

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses.

2. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán ós cinco anos, as graves ós dous anos e as impostas por infraccións leves ó ano.

3. Se a sanción imposta fose a de expulsión do territorio nacional a prescripción non empezará a contar ata que transcorrese o período de prohibición de entrada fixado na resolución cun máximo de dez anos.

**Artigo 53. *Expulsión do territorio.***

1. Cando os infractores sexan estranxeiros e realicen condutas das tipificadas como moi graves, ou condutas graves das previstas nas alíneas d), e) e g) do artigo 49 desta lei orgánica, poderá aplicarse en lugar da sanción de multa a expulsión do territorio español, logo da tramitación do correspondente expediente administrativo.

2. A sanción de expulsión non poderá ser imposta excepto nos casos de reincidencia en infraccións moi graves ós estranxeiros que se encontren nos seguintes supostos:

a) Os nados en España que residisen legalmente nos últimos cinco anos.

b) Os que teñan recoñecida a residencia permanente, salvo que estean inmersas nas alíneas a), b), c) e f) do artigo 50 e g) do artigo 49.

c) Os que fosen españois de orixe e perdesen a nacionalidade española.

d) Os que sexan beneficiarios dunha prestación por incapacidade permanente para o traballo como consecuencia dun accidente de traballo ou enfermidade profesional ocorridos en España, así como os que perciban unha prestación contributiva por desemprego ou sexan beneficiarios dunha prestación económica asistencial de carácter público destinada a logra-la súa inserción ou reinserción social ou laboral, agás que a sanción se propoña por ter realizado algunha das infraccións recoñecidas nas alíneas a), b), c) e f) do artigo 50 e g) do artigo 49.

3. Tampouco poderán ser expulsados os cónxuxes dos estranxeiros, ascendentes e fillos menores ou incapacitados a cargo do estranxeiro que se encontre nalgunha das situacións sinaladas anteriormente e residisen legalmente en España durante máis de dous anos, nin as mulleres embarazadas cando a medida poida supor un risco para a xestación ou para a saúde da nai.

4. Cando o estranxeiro se encontre sometido a un procedemento por delitos castigados con penas pri-



vativas de liberdade inferiores a seis anos, o xuíz poderá autorizar, logo de audiencia do fiscal, a súa saída do territorio español, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na Lei de axuízamento criminal, ou a súa expulsión, se esta resultase procedente de conformidade co previsto nos parágrafos anteriores deste artigo, logo de substanciación do correspondente procedemento administrativo sancionador.

No suposto de que se trate de estranxeiros non residentes legalmente en España e que foren condenados por sentenza firme, será de aplicación o disposto no artigo 89 do Código penal.

#### Artigo 54. *Procedemento e efectos da expulsión.*

1. Toda expulsión levará consigo a prohibición de entrada en territorio español por un período mínimo de tres anos e máximo de dez.

2. Non será preciso expediente de expulsión para o retorno dos estranxeiros nos seguintes supostos:

a) Os que tendo sido expulsados contraveñan a prohibición de entrada en España.

b) Os que pretendan entrar ilegalmente no país, agás no suposto recollido no artigo 4.1 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado.

3. O retorno será acordado pola autoridade gubernativa competente para a expulsión.

4. O retorno acordado en aplicación da letra a) do número 2 comportará a reiniciación do cómputo do prazo de prohibición de entrada que acordase a orde de expulsión quebrantada. Así mesmo, neste suposto, cando o retorno non se puidese executar no prazo de setenta e dúas horas, a autoridade gubernativa poderá solicitar da autoridade xudicial a medida de internamento prevista para os expedientes de expulsión.

#### Artigo 55. *Colaboración contra redes organizadas.*

1. O estranxeiro que cruzase a fronteira española fóra dos pasos establecidos para o efecto ou non cumprise coa súa obriga de declara-la entrada e se encontre irregularmente en España ou traballando sen permiso, sen documentación ou con documentación irregular, por ter sido vítima, prexudicado ou testemuña dun acto de tráfico ilícito de seres humanos, inmigración ilegal, ou de tráfico ilícito de man de obra ou de explotación na prostitución abusando da súa situación de necesidade, poderá quedar exento de responsabilidade administrativa e non será expulsado se denuncia ante as autoridades competentes ós autores ou cooperadores do devandito tráfico, ou coopera e colabora cos funcionarios policiais competentes en materia de estranxeiría, proporcionando datos esenciais ou testificando, se é o caso, no proceso correspondente contra aqueles autores.

2. Os órganos administrativos competentes encargados da instrucción do expediente sancionador farán a proposta oportuna á autoridade que deba resolver.

3. Os estranxeiros que quedasen exentos de responsabilidade administrativa poderáselles facilitar, por elección súa, o retorno ó seu país de procedencia ou a estancia e residencia en España, así como permiso de traballo e facilidades para a súa integración social, de acordo co establecido nesta lei.

4. Cando o Ministerio Fiscal teña coñecemento de que un estranxeiro, contra o que se dictou unha resolución de expulsión, apareza nun procedemento penal como vítima, prexudicado ou testemuña e considere imprescindible a súa presenza para a práctica de dilixencias xudiciais, porao de manifesto á autoridade gubernativa competente para os efectos de que se valore a

inexecución da súa expulsión e, no suposto de que se executase esta última, procederase de igual forma para os efectos de que autorice o seu regreso a España durante o tempo necesario para poder practicalas dilixencias precisas, sen prexuízo de que se poidan adoptar algunhas das medidas previstas na Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais.

#### Artigo 56. *Retorno e internamento.*

1. Os estranxeiros ós que en fronteira non se lles permita o ingreso no país serán retornados ó seu punto de orixe no prazo máis breve posible. A autoridade gubernativa que acorde o retorno dirixirase ó xuíz de instrucción se o retorno se fose atrasar máis de setenta e dúas horas para que determine o lugar onde deban ser internados ata que chegue o momento do retorno.

2. Os lugares de internamento para estranxeiros non terán carácter penitenciario, e estarán dotados de servizos sociais, xurídicos, culturais e sanitarios. Os estranxeiros internados estarán privados unicamente do dereito ambulatorio.

3. O estranxeiro durante o seu internamento encontrase en todo momento á disposición da autoridade xudicial que o autorizou, e a autoridade gubernativa deberalle comunicar calquera circunstancia en relación coa situación dos estranxeiros internados.

4. A detención dun estranxeiro para efectos de retorno será comunicada ó Ministerio de Asuntos Exteriores e á embaixada ou consulado do seu país.

#### Artigo 57. *Obriga de presentación periódica.*

Excepcionalmente, a autoridade gubernativa poderá aplicar provisionalmente ós estranxeiros que se encontren en España e se lles abra un expediente sancionador, a obriga de se presentaren periodicamente nas dependencias que se indiquen. Igualmente poderá acorda-la retirada do pasaporte ou documento acreditativo da súa nacionalidade, logo de entrega ó interesado do xustificante acreditativo de tal medida.

#### Artigo 58. *Ingreso en centros de internamento.*

1. Cando o expediente se refira a estranxeiros polas causas comprendidas nas alíneas a), b) e c) do artigo 50 así como na g) do artigo 49, no que se vaia propo-la expulsión do afectado, a autoridade gubernativa poderalle propor ó xuíz de instrucción competente correspondente que dispoña o seu ingreso nun centro de internamento en tanto se realiza a tramitación do expediente sancionador. A decisión xudicial en relación coa solitude de internamento do estranxeiro pendente de expulsión adoptarase en auto motivado, logo de audiencia do interesado.

2. O internamento manterase polo tempo imprescindible para os fins do expediente, sen que en ningún caso poida exceder de corenta días, nin acordarse un novo internamento por calquera das causas previstas nun mesmo expediente. A decisión xudicial que o autorice, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, poderá fixar un período máximo de duración do internamento inferior ó citado.

3. Os menores nos que concorran os supostos previstos para o internamento serán postos á disposición dos servizos competentes de protección de menores. O xuíz, co informe favorable previo do Ministerio Fiscal, poderá autoriza-lo seu ingreso nos centros de internamento de estranxeiros cando tamén o estean os seus pais ou titores, o soliciten estes e existan módulos que garantan a intimidade familiar.

4. A incoación do expediente, as medidas cautelares de detención e internamento e a resolución final do expediente de expulsión do estranxeiro serán comunicadas ó Ministerio de Asuntos Exteriores e á embaixada ou consulado do seu país.

**Artigo 59. Recursos contra as resolucións sobre estranxeiros.**

1. As resolucións administrativas sancionadoras serán susceptibles de recurso conforme o disposto nas leis. O réxime de executividade das citadas resolucións será o previsto con carácter xeral.

2. En todo caso, cando o estranxeiro non se encontre en España, poderá cursa-los recursos procedentes, tanto en vía administrativa como xurisdiccional, a través das representacións diplomáticas ou consulares correspondentes, ou de organizacións de asistencia á emigración debidamente apoderadas, as cales os remitirán ó organismo competente.

## TÍTULO IV

### Coordinación dos poderes públicos en materia de inmigración

**Artigo 60. Coordinación dos órganos da Administración do Estado.**

1. O Goberno levará a cabo unha observación permanente das magnitudes e características máis significativas do fenómeno inmigratorio con obxecto de analizar o seu impacto na sociedade española e facilitar unha información obxectiva e contrastada que evite ou dificulte a aparición de correntes xenófobas ou racistas.

2. O Goberno unificará en oficinas provinciais os servizos existentes, dependentes de diferentes órganos da Administración do Estado con competencia en inmigración, co obxecto de conseguir unha adecuada coordinación da súa actuación administrativa.

3. O Goberno elaborará plans, programas e directrices sobre a actuación da Inspección de Traballo previa ó procedemento sancionador destinados especialmente a comproba-lo cumprimento do principio de igualdade e non-discriminación dos traballadores estranxeiros, así como o cumprimento efectivo da normativa en materia de permiso de traballo de estranxeiros, todo iso sen prexuízo das facultades de planificación que correspondan ás comunidades autónomas con competencias en materia de execución da lexislación laboral.

**Artigo 61. O Consello Superior de Política de Inmigración.**

1. Para asegurar unha adecuada coordinación das actuacións das administracións públicas con competencias sobre a integración dos inmigrantes constituirase un Consello Superior de Política de Inmigración, no que participarán representantes do Estado, das comunidades autónomas e dos municipios.

2. O citado órgano establecerá as bases e criterios sobre os que se asentará unha política global en materia de integración social e laboral dos inmigrantes, para o cal recollerá información e consulta dos órganos administrativos, de ámbito estatal ou autonómico, así como dos axentes sociais e económicos implicados coa inmigración e a defensa dos dereitos dos estranxeiros.

**Artigo 62. Apoio ó movemento asociativo dos inmigrantes.**

Os poderes públicos impulsarán o fortalecemento do movemento asociativo entre os inmigrantes e apoiarán

ós sindicatos e ás organizacións non gobernamentais que, sen ánimo de lucro, favorezan a súa integración social, facilitándolles recursos materiais e axuda económica, tanto a través dos programas xerais, como en relación coas súas actividades específicas.

**Artigo 63. O Foro para a Inmigración.**

1. O Foro para a Inmigración, constituído, de forma tripartita e equilibrada, por representantes das administracións públicas, das asociacións de inmigrantes e das organizacións sociais de apoio, entre elas os sindicatos de traballadores e organizacións empresariais con interese e implantación no ámbito inmigratorio, constitúe o órgano de consulta, información e asesoramento en materia de inmigración.

2. Regulamentariamente determinarase a súa composición, competencias, réxime de funcionamento e adscrición administrativa.

Disposición adicional única. *Prazo máximo para resolución de expedientes.*

As solicitudes de prórroga do permiso de residencia así como a renovación do permiso de traballo que formulen os interesados a teor do disposto nesta lei orgánica resolveranse no prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ó da presentación da solicitude. Transcorrido o devandito prazo sen a Administración dar resposta expresa, entenderase que a prórroga ou renovación foron concedidas.

Disposición transitoria primeira. *Regularización de estranxeiros que se encontren en España.*

O Goberno, mediante real decreto, establecerá o procedemento para a regularización dos estranxeiros que se encontren en territorio español antes do día 1 de xuño de 1999 e que acrediten ter solicitado nalguna ocasión permiso de residencia ou traballo ou que o tiveron nos tres últimos anos.

Disposición transitoria segunda. *Validez dos permisos vixentes.*

Os distintos permisos ou tarxetas que habilitan para entrar, residir e traballar en España ás persoas incluídas no ámbito de aplicación da lei que teñan validez no momento da entrada en vigor desta, conservarana polo tempo para o que foron expedidas.

Disposición transitoria terceira. *Normativa aplicable a procedementos en curso.*

Os procedementos administrativos en curso tramitaranse e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da iniciación, salvo que o interesado solicite a aplicación desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei orgánica 7/1985, do 1 de xullo, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 312 do Código penal.*

O número 1 do artigo 312 do Código penal queda redactado da forma seguinte:

## «Artigo 312.

1. Serán castigados coas penas de prisión de dous a cinco anos e multa de seis a doce meses, os que trafiquen de maneira ilegal con man de obra.»

Disposición derradeira segunda. *Inclusión dun novo título XV bis no Código penal.*

Introdúcese un novo título XV bis coa seguinte redacción:

«Título XV bis. Delictos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros.

## Artigo 318 bis.

1. Os que promovan, favorezan ou faciliten o tráfico ilegal de persoas desde, en tránsito ou con destino a España serán castigados coas penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de seis a doce meses.

2. Os que realicen as condutas descritas no número anterior con ánimo de lucro, ou empregando violencia, intimidación ou engano ou abusando dunha situación de necesidade da vítima, serán castigados coas penas de prisión de dous a catro anos e multa de doce a vintecatros meses.

3. Imporanse as penas correspondentes na súa metade superior ás previstas nos números anteriores se na comisión dos feitos se puxo en perigo a vida, a saúde ou a integridade das persoas ou se a vítima é menor de idade.

4. Nas mesmas penas do número anterior e ademais na inhabilitación absoluta de seis a doce anos incorrerán os que realicen os feitos valéndose da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público.

5. Imporanse as penas superiores en grao ás previstas nos números anteriores, nos seus respectivos casos, cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique a realizar tales actividades.»

Disposición derradeira terceira. *Modificacións nos artigos 515, 517 e 518 do Código penal.*

1. Engádese un novo número 6.º no artigo 515 coa seguinte redacción:

«6.º As que promovan o tráfico ilegal de persoas.»

2. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 517, que queda redactado da seguinte forma:

«Nos casos previstos nos números 1.º e 3.º ó 6.º do artigo 515 imporanse as seguintes penas:»

3. Modifícase o artigo 518, que queda redactado da seguinte forma:

«Os que coa súa cooperación económica ou de calquera outra clase, en todo caso relevante, favorezan a fundación, organización ou actividade das asociacións comprendidas nos números 1.º e 3.º ó 6.º do artigo 515, incorrerán na pena de prisión de un a tres anos, multa de doce a vintecatros meses, e inhabilitación para emprego ou cargo público por tempo de un a catro anos.»

Disposición derradeira cuarta. *Artigos non orgánicos.*

Os preceptos contidos nos artigos 10, 12, 13 e 14 non teñen carácter orgánico, e foron dictados en exercicio do disposto no artigo 149.1.2.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Apoio ó sistema de información de Schengen.*

O Goberno, no marco do previsto no Convenio de aplicación do Acordo de Schengen, adoptará cantas medidas sexan precisas para mante-la exactitude e a actualización dos datos do sistema de información de Schengen, facilitando o exercicio do dereito á rectificación ou supresión de datos ás persoas das que figuren os datos nel.

Disposición derradeira sexta. *Regulamento da lei.*

O Goberno no prazo de seis meses aprobará o regulamento desta lei orgánica.

Disposición derradeira sétima. *Información sobre a lei a organismos e organizacións interesados.*

Desde o momento da entrada en vigor desta lei, o Goberno adoptará as medidas necesarias para informar os funcionarios das diversas administracións públicas, os directivos de asociacións de inmigrantes, os colexios de avogados, os sindicatos e as organizacións non gubernamentais dos cambios que sobre a aplicación da normativa anterior supón a aprobación desta lei orgánica.

Disposición derradeira oitava. *Habilitación de créditos.*

O Goberno dictará as disposicións necesarias para lles facer fronte ós gastos orixinados pola aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor ós vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 11 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Esta lei orgánica inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 20, de data 24 de xaneiro de 2000)

**641** *LEI ORGÁNICA 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. («BOE» 11, do 13-1-2000.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

1. A promulgación desta lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores era unha necesidade imposta polo establecido na Lei orgánica 4/1992, do 5 de xuño, sobre reforma da Lei reguladora da com-